

MEMORIA 2018

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

Entidade - 1

Número de socios - 1

Asemblea xeral ordinaria - 2

Asambleas e reunións nas que participa a entidade - 2

Divulgación da entidade - 3

Certificación de calidade. Norma ISO 9001:2015 - 4

PROGRAMAS E ACCIÓNS

Sensibilización e concienciación - 4

Saúde e rehabilitación - 7

Formación - 9

Lecer e tempo libre - 10

SERVIZOS

Información e asesoramento - 11

Intermediación laboral - 12

Accesibilidade - 13

CRD AMARAI

Recursos humanos cos que conta na actualidade - 15

Xestión de solicitudes/valoracións usuarios/as - 16

Progresión de ingresos realizados - 17

Análise de baixas de usuarios - 18

Rateos de persoa segundo a ocupación 31/12/18 - 18

Ámbito de actuación do centro - 18

Xestión do transporte - 19

Xestión da manutención - 19

Programas e actividades desenvolvidas no centro - 20

Novos programas deste ano - 29

Resultados satisfacción familias CRD Amarai - 40

Programa de encontros con familias - 41

Mellora nas instalacións do CRD - 43

FINANCIACIÓN

Financiación e empresas colaboradoras - 45

PRESENTACIÓN

ENTIDADE

DENOMINACIÓN: Asociación de Persoas con Discapacidade e Apoio a Integración das Comarcas de Arzúa e Terra de Melide. "AMARAI".

DOMICILIO SOCIAL: Edificio María Mariño, Rúa Padre Pardo nº 33 – 1º - CP 15810, Arzúa (A Coruña).

No ano 1997 constitúese AMARAI, cando un grupo de persoas con discapacidade e familiares destas deciden poñer en funcionamento unha asociación que teña como labor principal; a de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e as súas familias. Posibilitando a plena inclusión destas persoas nos diferentes ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

Amarai defende unha forma de facer propia manifestada a través da súa MISIÓN, VISIÓN e VALORES. Convertendo as persoas con discapacidade, mulleres, homes, nenas e nenos e as familias os máximos referentes da nosa acción, e beneficiarios finais da mesma. Esta asociación aborda a discapacidade dende un enfoque de dereitos humanos, estando o eixo da acción reivindicativa de Amarai constituído, tanto pola defensa da plenitude de dereitos, e non discriminación, a igualdade de oportunidades, a inclusión na comunidade, a autodeterminación, a promoción da autonomía persoal e a emancipación social. Polo tanto, a estratexia de Amarai está presidida polo enfoque inclusivo.

NÚMERO DE SOCIOS

Número total de socios: 166 (80 mulleres e 86 homes)

Número de persoas físicas asociadas: 166 (80 mulleres e 86 homes)

- *Clase e grao de atención que reciben os beneficiarios:* Individual e/ou en grupo, dependendo do programa ou actividade da cal se benefician.
- *Requisitos esixidos para ostentar a condición de beneficiario:* Persoas con discapacidade, as súas familias e todos aquelas persoas interesadas nos temas relacionados coa discapacidade.

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

AMARAI realizou a súa Asemblea Xeral Ordinaria o día 2 de xuño de 2018, que tivo lugar no Centro de Recursos de Boimorto, en Arzúa. Nesta asemblea aprobáronse por unanimidade os informes de xestión desenvolvidos na entidade durante o ano 2017 e a proposta de actividades e orzamento para o ano 2018.

A Xunta Directiva de AMARAI é o órgano de administración, xestión e representación de todos os socios/as que forman a entidade. Esta é a encargada de tomar cada decisión e xestionar cada programa ou actividade que se pon en marcha na entidade.

A maiores da Asemblea Xeral Ordinaria tiveron lugar reunións da Xunta Directiva AMARAI, os días:

- 17 de marzo de 2018
- 19 de maio de 2018
- 22 de setembro de 2018
- 20 de outubro de 2018
- 24 de novembro de 2018

ASEMBLEAS E REUNIÓN NAS QUE PARTICIPA A ENTIDADE

AMARAI tamén está presente ao longo do ano nos seguintes actos:

- Reunións Xunta directiva de COGAMI e Asemblea Cogami
- Reunións Xunta directiva e Asemblea da Federación Coruña
- Reunións do Consello de Administración de GES

Nestes actos tomáronse decisións que repercuten en beneficio do colectivo representado pola CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (composta por 52 asociacións de todo o territorio autonómico) tanto no eido social como no empresarial de GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL.



A través dos cargos que ostenta José Luis Costoya (presidente da entidade):

Presidente	José Luis Costoya Quintela (Arzúa)
Vicepresidenta	Carmen Rey Rey (Boimorto)
Secretario	José Ramón Vázquez Abollo (Arzúa)
Tesoureiro	Jesús Yáñez García (Toques)
Vogal	Mario Mendonça Vilares (Touro)
Vogal	Juan Carlos Iglesias Tojo (Touro)

-



- Vicepresidenta da Federación Provincial COGAMI Coruña
- Membro do Consello de Administración de Galega de Economía Social, S.L.
- Membro da Xunta Directiva de COGAMI

DIVULGACIÓN DA ENTIDADE

A entidade Amarai tamén fai un traballo durante todo o ano co departamento de prensa e comunicación de COGAMI, así como con medios de comunicación a nivel local e autonómico, para dar a coñecer a entidade, e o que fai nos seus programas e actividades. Nomeamos algunhas das publicacións en prensa que tiveron lugar no transcurso do 2018. A maiores disto, realizáronse diversas participación en Radio Arzúa e Radio Melide, co fin de publicitar e dar a coñecer diferentes actividades organizadas pola entidade.

Enjaulados en su propia casa

• Reclamamos cambios en la ley de propiedad horizontal para que los límites económicos no frenen obras de accesibilidad necesarias en los edificios de viviendas



Acto celebrado este mércores en la Plaza del Obisado de Santiago bajo el lema «El caso no es un caso» - COGAMI

La Voz de Santiago

12/12/2018

LA VOZ DE GALICIA (SANTIAGO)

Prensa: **DIARIO** Sección: **LOCAL**
Tirada: **10.000** Difusión: **10.000**
Valoración: **39 €**

Deputación entrega novos vehículos adaptados space, Agasdep e Amarai

18 de novembro de 2018

Compartir

Conceal Ferreras destaca que "contribuído a facilitar a gran labor social" que desenvolven estas asociacións

Cos entrega de hoxe, a Deputación completa a acción dun total de once vehículos adaptados a outras entidades con ánimo de lucro e provincia



La furgoneta está adaptada para transportar a personas con movilidad reducida.

SOLIDARIDAD

CaixaBank dona una furgoneta a la asociación Amarai

La entidad financiera CaixaBank, a través de la Obra Social la Caixa ha entregado una furgoneta a los responsables de Amarai, la asociación de personas con discapacidad y apoyo a la integración de las comarcas de Arzúa y Terra de Melide. Es una furgoneta de nueve plazas que está adaptada para personas de movilidad reducida.

Para unha mellor visualización destas noticias de prensa, consultar a nosa páxina web www.amarai.es

CERTIFICACIÓN DE CALIDADE: NORMA ISO 9001:2015

Tras un proceso de implantación na entidade dun sistema de xestión de calidade para certificarnos na ISO 9001:2015, **o 22 de Febreiro de 2018**, previa superación dunha auditoría externa realizada pola empresa certificadora AENOR, en AMARAI mantemos a certificación co número de rexistro ER-0040/2017, co seguinte alcance:

- A. A prestación de servizos de información e orientación nas situacións de discapacidade e dependencia e, a xestión de actividades para a promoción da autonomía persoal de persoas con diversidade funcional (deporte adaptado, lecer, formación prelaboral, fisioterapia, logopedia e terapia ocupacional).
- B. A prestación de servizos de atención diúrna terapéutica e ocupacional nas situacións de discapacidade e dependencia e, a promoción da autonomía persoal a persoas con diversidade funcional: atención social, información e orientación a familias, valoración, seguimento e avaliación, asistencia e adestramento nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria, logopedia, fisioterapia, estimulación cognitiva, terapia ocupacional, atención psicolóxica, terapias alternativas, actividades de lecer, actividades de deporte adaptado, formación prelaboral, transporte adaptado e, a xestión do servizo de restauración.



PROGRAMAS E ACCIÓNS

- Programa de Sensibilización e Concienciación
- Programa de Saúde e Rehabilitación
- Programa de Formación
- Programa de Lecer e Tempo Libre

PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN

O Programa de Sensibilización e Concienciación conta coas seguintes actividades:

- Charlas de Lesións Medulares
- Charlas Prevención bullying
- Xornadas de Sensibilización e Concienciación
- Día Internacional das Persoas con Discapacidade
- Mercadillos Solidarios

Charlas de lesións medulares



Este ano realizouse unha charla de lesións medulares na EFA Piñeirál en Arzúa, cun total de 18 alumn@s, tendo como obxectivo seguir previndo este tipo de lesións e concienciando sobre as súas consecuencias.

Charlas Prevención bullying



A nosa tarefa non remata de portas para dentro, así que o día 21/12/2018 psicopedagoga da entidade María xunto coa educadora social en prácticas, levaron a cabo no colexio Cpi Armando Cotarelo Valledor do Concello de Boimorto as primeiras charlas de sensibilización para evitar o Bullying cara os alumn@s con discapacidade.

A primeira charla foi con 1º, 2º e 3º de EP. A charla tratou sobre bullying en discapacidade. Para desenvolver a charla leváronse a cabo as seguintes actividades:

- Teatrillo dunha situación de bullying.
- Xogo da pegatina. A finalidade desta dinámica era que a persoa excluída puidese facer ver como se sentía e a reacción dos compañeiros/as ao ver una persoa excluída.

- Explicacións do que é unha discapacidade, o seus tipos e o bullying na discapacidade

- Vídeos de sensibilización

A segunda charla foi con 4º, 5º e 6º de EP. A charla tratou sobre bullying en discapacidade. Para desenvolver a charla leváronse a cabo as seguintes actividades:

- Xogo das etiquetas (cada alumno/a debía poñer nunha etiqueta previamente definida sen vela e os demais compañeiros facelo sentir ou explicarlle o que era; a continuación o alumno/a debía adiviñar de que se trataba e explicar como se sentía).

- Gymcana con diversas probas simulando un tipo de discapacidade (escribir coa man contraria e ollos pechados, ler un texto ao revés, abrir un bote cunha so aman).
- Explicacións do que é unha discapacidade, os seus tipos e o bullying na discapacidade.
- Vídeos de sensibilización

O obxectivo das charlas e concienciar aos alumnos e alumnas sobre o que é a discapacidade e a tendencia que teñen este tipo de colectivo a recibir bullying, facendo fincapé nas discapacidades non visibles que moitas veces pasan desapercibidas por descoñecemento do que lle está a acontecer á persoa.

O número de alumn@s asistentes foron 35 (15 na primeira charla e 20 na segunda)

Xornadas de Sensibilización e Concienciación

Neste ano centráronse máis estas xornadas de cara a potenciar a sensibilización co colectivo en outras xornadas tales como o aniversario do CRD AMARAI ou o Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

Día 3 de decembro; Día Internacional das Persoas con Discapacidade



Con motivo do día Internacional das Persoas con Discapacidade, desde AMARAI realizáronse diversos actos o día 3 de decembro de 2018, facendo unha programación simultánea nos Concellos de Arzúa, Boimorto, O Pino, Touro e Melide.

Foi unha xornada na que durante a mañá achegámonos as casas consistoriais dos Concellos de Arzúa, Boimorto, O Pino e Touro, e tamén fomos ata o colexio nº 1 de Melide, para sensibilizar á poboación máis nova e ler o manifesto co fin de reivindicar que se cumpran e garantan os dereitos das persoas con diversidade funcional.

Mercadillos Solidarios

Desde o ano 2011 participamos en Mercadillos Solidarios co obxectivo principal de dar a coñecer o traballo que dende a asociación realizamos, ademais de expoñer e potenciar os nosos obradoiros, programas... cos produtos que realizamos dende o Programa de Formación e dende o Centro de Recursos.

No 2018 acudimos a diferentes Mercadillos Solidarios:

- 24-25/03/2018: Magreco (Boimorto)
- 22/12/2018: Participación na Feira de Arzúa
- 28/12/2018: Participación cun stand no Torneo Solidario organizado polo Concello de Mesía.



PROGRAMA DE SAÚDE E REHABILITACIÓN

É un programa dirixido a todas as persoas con discapacidade, que ten como finalidade mellorar as súas capacidades funcionais e a súa condición física, conseguindo así unha autonomía óptima que lle permita realizar o maior número de actividades da súa vida diaria de xeito independente.

Dito programa contén actividades dirixidas á rehabilitación para conseguir mellorar a independencia funcional físico-motora dos participantes, deter ou minimizar os procesos dexenerativos, estimular a mellora das posibilidades de movemento e autonomía persoal, potenciar as capacidades residuais e loitar contra as secuelas da inactividade.

O Programa de Saúde e Rehabilitación estivo composto polas seguintes actividades:

- Fisioterapia e terapia acuática
- Golf Adaptado
- Badminton
- Logopedia
- Atención Psicolóxica
- Apoio Educativo

FISIOTERAPIA E TERAPIA ACUÁTICA

É un servizo dirixido á recuperación dos problemas e trastornos psicomotores, para elo o fisioterapeuta que presta o servizo realiza unha valoración inicial da persoa usuaria, na cal recolle as áreas afectadas e nas que presenta déficits, para posteriormente elaborar o tratamento que se vai a seguir. En función do tipo de discapacidade que presente a persoa realizaranse uns outros exercicios, contando en todo momento cunha orientación e asesoramento personalizado durante a duración do tratamento.




Alguns dos exercicios que se realizan no servizo de fisioterapia son: estiramientos dos membros inferiores e superiores, fisioterapia respiratoria, exercicios con balóns para mellorar o equilibrio, a coordinación e fomentar a estimulación; termoterapia, masoterapia, exercicios de flexibilización, masaxe...


O que se persegue con dito servizo é ofrecer unha recuperación funcional sen risco de estancamento ou empeoramento na evolución propia da discapacidade física de cada persoa.

Ditas actividades suman un total de 434 sesións, das cales 360 corresponden ao servizo de fisioterapia e 74 ao de terapia acuática.


Fisioterapia segundo o sexo




Fisioterapia por concellos



Terapia acuática segundo o sexo



Terapia acuática por concellos



GOLF ADAPTADO

É unha actividade que intenta motivar, mellorar a calidade de vida e a autoestima das persoas con discapacidade que acoden a facer un exercicio rehabilitador para, entre outras cousas, estimular a mellora das posibilidades de movemento.



O que se traballa no golf é o seguinte:

- Coñecemento dos termos técnicos e expresións relacionadas con dito deporte.
- Aprendizaxe e práctica de:
 - golpe no green.
 - golpe arredor do green.
 - golpe de aproximación.
 - golpe longo.
- Aprender como se desenvolve o xogo no campo de golf. Cales son as estratexias, análise, decisións e procedemento antes de executar o golpe.
- Saber o correcto uso do material. Para que serve, como e cando se usa e o coidado do mesmo.



Este programa foi desenvolvido no Real AeroClub de Santiago. Escola de Golf/Cancha de Prácticas. San Marcos – Santiago de Compostela, participando 9 persoas usuarias entre CRD e asociación. Tivo lugar os martes de 12:30-14:00 h, cun total aproximado de 54 horas de duración.

A procedencia das persoas usuarias deste servizo foi de 7 concellos (Arzúa, Melide, Vilasantar, Boimorto, Curtis, Touro e Santiso), sendo 7 homes e 2 mulleres.



BADMINTON



Impulsando o deporte como medio para mellorar a saúde ao mesmo tempo que forma de rehabilitación, impartiuse de novo o curso de badminton os martes pola tarde no Pavillón Polideportivo de Santa María, cunha participación total ao longo dos cursos de 6 participantes, durante 46 xornadas. Corresponden na súa totalidade ao Concello de Arzúa, sendo 1 muller e 5 varóns..

O badminton supón un deporte completo que potencia a mobilidade, a coordinación... de cara a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade. É un xeito de rehabilitación dinámica, amén de que facilita a interacción social entre os diferentes participantes.

LOGOPEDIA

Ten como finalidade mellorar a comunicación e a motricidade orofacial, polo que está indicada en múltiples trastornos (problemas ligados ao nacemento ou desenvolvemento, enfermidades adquiridas de orixe cerebral, problemas de audición, voz, linguaxe oral ou deglución, enfermidades neurodegenerativas...).

Este servizo, iniciado no 2016 para a asociación, contou neste 2018 coa presenza de 2 participantes (-concello de Vilasantar). O total de sesións realizadas ascendeu a 40.



ATENCIÓN PSICOLÓGICA

Ten como obxectivo fundamental que a persoa poida afrontar as adversidades de xeito eficaz, potenciando as propias habilidades e capacidades persoais. Isto conséguese mediante unha avaliación exhaustiva sobre o motivo da consulta e da situación vital da persoa, establécense obxectivos a acadar durante a fase de tratamento, onde se dota á persoa de estratexias e recursos de afrontamento para acadar ditos obxectivos.

Este servizo iniciouse a mediados de 2017 para a asociación, realizándose en 2018 ano 8 sesións.

APOIO EDUCATIVO

Servizo no que se axuda ás persoas a comprender e interiorizar os conceptos relacionados coas tarefas académicas, prestando atención individualizada nas dificultades detectadas. Para a asociación iniciouse en decembro do 2017, e no 2018 realizáronse un total de 128 sesións.

PROGRAMA DE FORMACIÓN

A finalidade do mesmo é proporcionar alternativas formativas enfocadas a habilitación das persoas con discapacidade; para elevar o seu nivel de formación básica, profesional, o seu desenvolvemento persoal e social cara unha incorporación a vida activa.


CURSO DE COIRO

Outro dos Cursos que Amarai impartiu no 2018 foi o curso de Coiro, onde as persoas participantes continuaron traballando coa pel e profundando no manexo dos útiles de traballo, prácticas de corte e costura da pel, técnicas de tinte, repuxado, troquelado, incisado, grabado...

Participaron un total de 7 persoas ao longo do ano, de 3 concellos dos arredores (Arzúa, Boimorto e Melide), os mércores de 16:00-19:00 no CRD Amarai. Este curso é o de maior continuidade en Amarai, retomándose ano tras ano pola excelente acollida do mesmo.



Por Concello



Confecionan artigos moi variados utilizando as diferentes técnicas que foron aprendendo: cinturóns, pulseiras, monedeiros, fundas para móbiles ou axendas, bolsas de xudas...; produtos todos eles a venda no CRD Amarai e nos diferentes mercadillos aos que se acode para dar a coñecer a asociación e o centro. Como principal novidade na venda de artigos, desta a súa distribución por diferentes tendas e establecementos que colaboran con nós para axudar a darnos a coñecer.

PROGRAMA DE LECER E TEMPO LIBRE

XORNADAS DE CONVIVENCIA COAS FAMILIAS



É unha actividade que se realiza tódolos anos dende a Asociación e na que se potencia a relación e comunicación entre os distintos socios da entidade e entre as súas familias. Cada ano lévase dita xornada a unha área recreativa dalgún dos concellos da área de influencia de AMARAI. No ano 2018 decidiuse realizala na área recreativa de Ribadiso na parroquia de Rendal (Arzúa), o día 7 de xullo, coa participación de 67 persoas.

COMIDA DE NADAL

Para poñer peche a todo un ano de traballo, e aproveitando as datas de nadal, AMARAI realiza unha comida de Nadal. Este ano o evento tivo lugar o sábado 15 de decembro no Restaurante Xaneiro, no lugar de Toques. Foi unha ocasión de compartir vivencias e inquedanzas entre soci@s, persoas usuarias e profesionais do CRD e familiares, amén de desfrutar nesas datas dun momento de festividade e alegría entre todos. A participación foi de 66 persoas. Ao remate do xantar, houbo a entrega de agasallos aos asistentes á xuntanza, os cales foron elaborados polas persoas usuarias do centro de recursos. O punto e final da xornada puxo a sesión dj e obradoiro de beatbox levado a cabo pola empresa Vellaescola.



AMARAI E O SEU TEMPO DE LECER



Como principais actividades de lecer, a parte de outras xa mencionadas, cabe destacar o Lecer Náutico en Sanxenxo, o cal tivo lugar os días do 30 de setembro ao 5 de outubro de 2018; ao que acudiron 8 participantes entre socios e persoas usuarias do centro, acompañados por profesionais da entidade.

SERVIZOS

SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Amarai leva desenvolvendo desde os seus inicios o Servizo de Información e Asesoramento, xa que consideramos primordial prestar unha atención individualizada ás persoas con discapacidade e ás súas familias, escoitándoas, co fin de poder ofrecerlle un asesoramento e unha información o máis completa posible de aqueles temas que demanden e lles preocupan.

Para o funcionamento de dito servizo utilízase un sistema común de consulta a través da transmisión de fichas de recollida de datos nunha aplicación informática, co fin de logo poder sacar estatísticas segundo a temática da consulta, o concello de procedencia da persoa usuaria, por tipo de discapacidade... Os tipos de consulta que se atenden no Servizo de Información e Asesoramento son as relacionadas fundamentalmente coas seguintes temáticas:

- Información acerca da Asociación, servizos, programas cos que conta, funcionamento...
- Emprego
- Educación
- Formación
- Ocio e Tempo Libre
- Axudas domiciliarias, económicas...
- Tramitación da lei de Dependencia
- Tramitación do transporte adaptado do 065 e xestión do mesmo.
- Produtos de Apoio

Tamén dende este servizo xestionamos as altas e baixas dos socios/as. Para unha persoa facerse socio/a desta entidade ten que darse de alta cubrindo unha ficha de inscrición, e posteriormente faráselle chegar un carné de socio/a.

SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL

Amarai colabora co Servizo de Intermediación Laboral (SIL) de COGAMI, dito servizo é un centro asociado ao Servizo Público de Emprego de Galicia. Servizo que ten como obxectivo mellorar a atención ás persoas con discapacidade e familias, respondendo ás necesidades de información por parte das entidades públicas e privadas vinculadas ao sector social. É un servizo especializado que apoia e orienta a aquelas persoas con discapacidade que queren buscar un emprego ou mellorar a súa formación.

Contamos cun punto de atención que é a propia oficina de AMARAI, ademais de locais que en momentos puntuais nos ceden os concellos, para que a orientadora laboral das zonas rurais das Comarcas de Arzúa e Terra de Melide, poida realizar as entrevistas as distintas persoas usuarios/as que o demanden e tamén para poder facer os seguimentos de aquelas persoas que xa formaban parte do servizo dende anos anteriores; e así poder actualizar os datos que forman parte do seu expediente. Estes seguimentos tamén se realizan por vía telefónica.

O SIL realiza as seguintes funcións:

- Informa sobre ofertas laborais da comarca.
- Proporciona axuda na busca activa de emprego.
- Pon en marcha accións de formación e centros prelaborais que melloren a empleabilidade das persoas con discapacidade.
- Entrevistas presenciais.
- Información telefónica sobre calquera tema relacionado coa discapacidade.
- Información a través do correo electrónico.

A temática das consultas adoita estar relacionada co asociacionismo, autoemprego, axuda domiciliaria, axudas económicas, axudas técnicas, asesoría xurídica, barreiras, CEE, centros residenciais, certificado de discapacidade, servizos de COGAMI, dependencia, educación, emprego, formación, lecer, vivenda, voluntariado e outros moitos temas que inquantan ás persoas con discapacidade.

Ao longo do 2018 fixéronse un total de 10 novas entrevistas, ademais de numerosos seguimentos de antigos contactos sobre diferentes temáticas (ofertas de emprego, curso, obradoiros de emprego, oposicións...)

PERSOAS NOVAS ATENDIDAS		EMPRESAS NOVAS VISITADAS		PERSOAS ATENDIDAS POR ORIENTACIÓN (SEPE)		SEGUEMENTOS		
Núm.	Concello	Núm.	Concello	Núm.	Concello	Núm.	Concello	
3	Melide	1	Touro	7	Arzúa	30	Arzúa	
5	O Pino			3	Melide	4	Boimorto	
2	Sobrado			4	O Pino	19	Melide	
				3	Touro	17	O Pino	
		1	Boimorto	7	Santiso	7	Sobrado	
				1	Santiso	3	Touro	
10	3 concellos	1	1 concellos	Nº de orientacións, persoas atendidas foron máis		6 concellos	87	7 concellos

SERVIZO DE ACCESIBILIDADE

Desde setembro de 2008 a entidade conta cunha Comisión de Accesibilidade á disposición de calquera entidade pública ou privada das nosas comarcas e toda persoa que o demande, o responsable desta comisión é Mario Mendonça Vilares.

Dende este servizo realizamos Xornadas de concienciación e sensibilización sobre accesibilidade, proxectos sobre eliminación de barreiras e informamos e asesoramos sobre o seguinte:

- Eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios de uso público
 - o Aparcamentos
 - o Acceso interior
 - o Aseos, vestiarios, duchas...
- Eliminación de barreiras arquitectónicas en edificacións de uso privado
 - o Acceso dende o exterior
 - o Vivendas para persoas con discapacidade
- Eliminación de barreiras urbanísticas
- Eliminación de barreiras no transporte



Para poder ofrecer unha información o máis completa posible traballamos de forma estreita cos técnicos e profesionais do departamento de accesibilidade de COGAMI, que nos asesoran en todo aquilo que poidamos precisar.

MEMORIA EXPLICATIVA DO CRD BOIMORTO

ATENCIÓN DIURNA TERAPÉUTICA

E


ATENCIÓN DIURNA OCUPACIONAL

ANO 2018

1

RECURSOS HUMANOS QUE CONTA NA ACTUALIDADE

Equipo interdisciplinar:




NOVOS PROFESIONAIS DESTE ANO 2018:



2 XESTIÓN DE SOLICITUDES/VALORACIÓN USUARIOS/AS

MES	CENTRO DE ATENCIÓN DIURNA TERAPÉUTICA	CENTRO DE ATENCIÓN DIURNA OCUPACIONAL	TOTAL SOLICITUDES DE PRAZA
Xaneiro	0	0	0
Febreiro	0	0	0
Marzo	0	0	0
Abril	0	0	0
Maio	0	1	1
Xuño	0	0	0
Xullo	0	0	0
Agosto	0	0	0
Setembro	0	2	2
Outubro	0	0	0
Novembro	1	0	1
Decembro	0	0	0




3 PROGRESIÓN DE INGRESOS REALIZADOS

- ATENCIÓN DIURNA OCUPACIONAL (SADO)

MES	Numero Usuarios/as	Numero ingresos	Numero baixas	Num XC	Num XP	Praza Privada	Libranza Vinculada	Praza Pública	% Ocupación
Xaneiro	17	0	0	15	2	3	5	8	73,91 %
Febreiro	17	0	0	15	2	3	5	8	73,91 %
Marzo	17	0	0	15	2	1	7	8	73,91 %
Abril	17	0	0	15	2	1	7	8	78,26 %
Maio	18	1	0	16	2	2	7	8	78,26 %
Xuño	18	0	0	16	2	2	7	8	78,26 %
Xullo	18	0	0	16	2	2	7	8	78,26 %
Agosto	18	0	0	16	2	2	7	8	78,26 %
Setembro	18	0	0	16	2	2	7	8	78,26 %
Outubro	18	0	0	16	2	2	7	8	78,26 %
Novembro	18	0	0	16	2	2	7	8	78,26 %
Decembro	18	0	0	16	2	2	7	8	78,26 %



-ATENCIÓN DIURNA TERAPÉUTICA (SADIT)

MES	Numero Usuarios/as	Numero ingresos	Numero baixas	Num XC	Num XP	Praza Privada	Libranza Vinculada	Praza Pública	% Ocupación
Xaneiro	18	0	1	17	0	1	4	14	89,47 %
Febreiro	17	0	0	17	0	0	3	14	89,47 %
Marzo	17	0	0	17	0	0	3	14	89,47 %
Abril	17	0	0	17	0	0	3	14	89,47 %
Maio	17	0	0	17	0	0	3	14	89,47 %
Xuño	17	0	0	17	0	0	3	14	89,47 %
Xullo	17	0	0	17	0	0	3	14	89,47 %
Agosto	17	0	0	17	0	0	3	14	89,47 %
Setembro	17	0	0	17	0	0	3	14	89,47 %
Outubro	17	0	0	17	0	0	3	14	89,47 %
Novembro	17	0	0	17	0	0	3	14	89,47 %
Decembro	17	0	0	17	0	0	3	14	89,47 %




* Especificar na seguinte táboa o número de usuarios por sexo, tendo en conta tódolas persoas que foron usuarios/as no 2018.

Nº de usuarios mulleres	9
Nº de usuarios homes	9




* Especificar na seguinte táboa o número de usuarios por sexo, tendo en conta tódolas persoas que foron usuarios/as no 2018.

Nº de usuarios mulleres	9
Nº de usuarios homes	8



4 ANALISE DE BAIXAS DE USUARIOS/AS

Falecemento	0
Empeoramento da súa saúde	0
Cambio de recurso	0
Non adaptación ao centro	1
Traslado de domicilio	0
Insatisfacción dos servizos do centro	0
Outras (indicar)	0
- Impago:	
- Imposibilidade de transporte:	
- Renuncia voluntaria:	





5 RATEOS DE PERSOAL SEGUNDO A OCUPACIÓN A 31/12/2018

RATEOS DE PERSOAL A 31.12.18		
SERVIZOS XERAIS	COIDADORES	PERSOAL DIPLOMADO E/OU LICENCIADO (incluír a dirección)
2.35	2.12	9.25

6 ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO CENTRO

No CRD Amarai Boimorto temos usuarios/as dos seguintes concellos:

CONCELLO	NUMERO DE USUARIOS
BOIMORTO	5
ARZÚA	11
MELIDE	4
SANTISO	2
SOBRADO DOS MONXES	1
VILASANTAR	2
FRADES	2
CURTIS	1
MESÍA	2
VILA DE CRUCES	1
TOURO	3
O PINO	1
TOTAL	35



7

XESTIÓN DO TRANSPORTE

Modo de xestión (privado, 065, mixto)	PRIVADO
Número de rutas ao día a 31.12.18	5
Número de vehículos ao día a 31.12.18	7
Número de usuarios con transporte a 31.12.18	35
Kilómetros Diarios nas 5 rutas	650

8

XESTIÓN DA MANUTENCIÓN

Modo de xestión do xantar (catering, in situ, compartida)	CATERING
Número xantares totais proporcionados no 2018	7.770

A partir das 10:00h comeza a recepción dos usuarios, co saúdo, acompañamento, garda de pertenzas e acomodación pertinentes. Seguidamente, ten lugar a actividade de orientación á realidade pretende situar temporal e especialmente ós/as usuarios/as, mediante o recordo, de xeito oral e visual (con carteis) da data, estación e climatoloxía no que se atopan. Seguidamente realizase a lectura das noticias destacadas, para informar de xeito detallado das noticias máis sinaladas do día e traballar a atención, memoria, orientación... Seguidamente, a actividade que continúa consistirá, dependendo do día da semana, en:

➤ **ÁREA FORMACIÓN BÁSICA:**

- Actividades de Formación Académica para Adultos (FAA) e Estimulación Cognitiva: adicados a adquirir ou reforzas coñecementos académicos segundo a capacidade de cada usuario; nesta área trabállanse diferentes eidos coma as matemáticas, linguas, xeografía, etc.

Trabállase tamén nesta área o reloxo; como leer as horas, recoñecer diferentes tipos de reloxos (analóxico e dixital) e as horas en AM e PM.



- Preparación de Probas de Competencias Clave: é un servizo de Formación Académica para Adultos destinado a preparación das probas de Competencias Clave para consecución de certificados de escolaridade. Prepáranse coa Psico-pedagoga para as diferentes probas, tanto de Lingua Galega, coma Castelán, Matemáticas, etc. Neste pasado ano presentáronse 3 alumnos; unha delas acadou as competencias clave por completo e a partir de agora prepararase para as oposicións, os outros 2 aprobaron as competencias en lingua galega.



- Obradoiro de ABVDs e AIVDs, terapias propostas para potenciar a maior autonomía e independencia posibles dos usuarios nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria e na área de ocio, a través de métodos preparatorios, a actividade como medio e a ocupación en sí, isto é, a nivel pre-instrumental e/ou instrumental; Trabállase nesta área temas tan importantes como:

As tarefas do fogar (barrer, fregar, lavado de louza, coidado da roupa, limpeza de superficies...), uso de electrodomésticos (lavadora, lavavaixelas, cociña, aspiradora, etc), manexo dos cartos (recoñecemento de moedas e billetes, xuntar cantidades, dar cambio, confeccionar e levar a cabo listas de compra coherentes e prácticas e asociación con produtos da vida real).



➤ OBRADOIROS DE ATENCIÓN OCUPACIONAL:

✚ Obradoiros: A principal misión e función dos obradoiros é dotar de capacitación profesional aos nosos usuarios en diferentes áreas ou talleres, chegando a coñecer e dominar o proceso de elaboración dun produto, pasando polas diferentes fases, dende a preparación do material e posto de traballo, fases de elaboración do produto, técnicas de traballo individual e en equipo, e recollida e mantemento do posto de traballo.

Neste centro levamos a cabo os seguintes obradoiros:

- Obradoiro de Coiro: No que a principal materia prima que se traballa é o coiro. Nel elabóranse diferentes produtos coma son chaveiros, pulseiras, marca-páxinas, pendentes, e todo tipo de marroquinería.



- Obradoiro de Cestería: A principal materia prima coa que se traballa é o mimbre; neste obradoiro enséñaselles a traballar co mimbre e as diferentes fases que teñen que levar a cabo para a realización dun cesto. Traballamos tamén con papel e fleje, para aqueles usuarios os que lle costa máis o traballo con mimbre; xa que así é unha maneira de que non acaben frustrados por non conseguir realizar a actividade e aprenden a traballar con diferentes técnicas e materiais.



- Obradoiro de Manualidades: Neste taller trabállase con todo tipo de materiais de manualidades, dende pinturas de diferentes tipos, barnices, colas, etc. Papeis, telas, cartón, tellas, e demais produtos que poidan supoñer unha nova creación. Así capacitase os usuarios participantes destes talleres no manexo de diferentes materiais e técnicas.



- Obradoiro de Costura: No cal se levan a cabo todas as tarefas de costura dende o patronaxe e medidas iniciais do produto, ata remates finais con técnicas de costura avanzadas. Utilízase tanto a costura tradicional con agulla coma con máquina de coser.



- Obradorio de Marquetería: A finais deste ano comezouse a preparar o que será o novo obradoiro de Marquetería, no que os usuarios poderán traballar as diferentes fases de creación dun produto con madeiras; corte, barnizado, pulido, pintado, pirogravado, confección de pezas especiais, etc.



- Programa de Voluntariado: en colaboración co Concello de Boimorto, mediante o cal tentamos capacitar e facer unha toma de contacto co mundo laboral ós nosos usuarios. Acuden a prestar servizos de Voluntariado en diferentes áreas da Residencia de Maiores de Boimorto e no Local Social e máis a Gardería Municipal.

Dentro deste servizo aportan apoio nas áreas de asistencia en ABVDs, lavandería, limpeza, actividades de estimulación cognitiva, recepción, etc.



➤ ÁREA FÍSICO-COGNITIVA:



- Ximnasia de mantemento, Taichí, ioga, ximnasio e psicomotricidade: terapias adicadas á estimulación das funcións físicas e mentais, realizadas de xeito global e específico, para cada caso concreto, empregando, nalgunha das actividades, material de apoio, como: pelotas, picas, aros, etc.



- Rehabilitación Individual: É un servizo dirixido á recuperación dos problemas e trastornos psicomotores, para elo a fisioterapeuta realiza unha valoración inicial do usuario, na cal recollen as áreas afectadas e nas que presenta déficits, para posteriormente elaborar o tratamento que se vai a seguir con dito usuario. En función do tipo de discapacidade que presente a persoa realizaranse uns outros exercicios. Algúns dos exercicios que se realizan neste servizo son: estiramientos dos membros inferiores e superiores, fisioterapia respiratoria, exercicios con balóns para mellorar o equilibrio, a coordinación e fomentar a estimulación; termoterapia, masoterapia, exercicios de flexibilización, masaxe...



Circuitos de rehabilitación, ximnasia e psicomotricidade: terapias adicadas á estimulación das funcións físicas e mentais, realizadas de xeito global e específico, para cada caso concreto, empregando, nalgunha das actividades, material de apoio, como: pelotas, picas, aros, etc.



➤ DEPORTE ADAPTADO:

- Deporte Adaptado: O servizo de Deporte Adaptado, ten como finalidade promover o exercicio físico e a práctica de hábitos de vida saudables para os nosos usuarios; a nosa carteira de servizos de deporte adaptado é cada vez máis ampla, e na actualidade contamos cos seguintes tipos:

- Natación Terapéutica: esta actividade ten como fin primordial a práctica de exercicio en todos os casos, pero tamén é unha forma de traballar nun medio libre de presión outras técnicas de fisioterapia que no ximnasio non poderíamos realizar, coma poden ser: mellorar o control de tronco; Manter e mellorar rangos articulares; Aumentar forza en MMII e corregir as compensacións en bipedestación; Mellorar propiocepción e estabilización no membro superior, etc...



- Baloncesto: con esta actividade tentamos que se practique un deporte grupal que favoreza o traballo en equipo e a integración do usuario dentro dun grupo de iguais.

- Fútbol: Actividade grupal que propicia o exercicio aeróbico para mantemento dunha boa musculatura e control de peso, no que traballan as regras do trabalo en equipo e a consecución de obxetivos comúns.





- Golf: Actividade na que non prima o esforzo físico, pero sí a concentración e a calma; a extrapolación de ver máis alá do que temos diante, xa que os usuarios teñen que calcular a traxectoria e o golpe que van a dar a pelota, para que se acerque o buraco sen pasarse. Serve para conseguir manter o control en usuarios moi nerviosos e para que melloren a súa percepción en tres dimensións.



Neste centro distribuimos as actividades de estimulación física sempre no turno da mañán xa que os usuarios manifestaron que é o momento do día no que eles se sinten máis activos, ademais os profesionais do centro corroboramos que ditas actividades tiñan un maior índice de participación e mellor evolución, nesa franxa horaria.

Antes da hora do xantar, realízase á hixiene das mans. Ten lugar a comida e, unha vez rematada, a hixiene bucodental. Logo, os/as usuarios/as, teñen para sí un tempo e ocio; dende o centro ofrécéselle un ocio guiado para lograr unha desconexión das actividades diarias, pero mantendo o control; dentro do tempo de ocio destacan actividades coma:

➤ ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO DE LECER:

- Xogos de mesa, tales como: bingos (de animais, letras, números, cartas, instrumentos musicais, transportes, alimentos,...), pasapalabras, atrapa mil euros, o prezo xusto, cartas, dominó e parchís;



Obradorio de Teatro: Mediante o cal as persoas usuarias conseguen romper limitacións comunicativas, reforzan a memoria, rompen tabús de interacción grupal, favorécese a interrelación entre eles e mellorase a resposta fluída ante situacións novas (improvisación).

- Xogos de movemento, de carácter grupal, nos que se empregan distintos elementos como: aros, paracaídas, pelotas e picas. Tanto os xogos de mesa como os de movemento, teñen como obxectivo, fomentar o traballo en grupo e a interacción interpersonal e relacional entre os usuarios/as e as habilidades necesarias para o seu desempeño;



- Obradoiros de relaxación: terapias desenroladas a través da risoterapia, a realización de mandalas e relaxacións guiadas, co fin de vencer o cansazo, evitar a ansiedade e que os usuarios/as se recuperen do esforzo do día a día.
- Visionado de series e documentais; etc.

Pola tarde continúan a traballar con diferentes actividades coma poden ser.

➤ SERVIZOS:

Servizo de Logopedia: Ten como finalidade mellorar a comunicación e a motricidade orofacial, polo que está indicada en múltiples trastornos (problemas ligados ao nacemento ou desenvolvemento, enfermidades adquiridas de orixe cerebral, problemas de audición, voz, linguaxe oral ou deglución, enfermidades neurodexenerativas...).

Este servizo realízase de xeito individualizado para centrarse máis nas necesidades cada usuario e poder así levar a cabo as accións necesarias en maior profundidade.



de



Servizo de Atención Psicolóxica: ten como finalidade mellorar a conduta nas interaccións sociais, reducir o nivel de ansiedade, autocontrol da comunicación non verbal, mellora da expresión de sentimentos e emocións, etc. Este servizo coma o de Logopedia, lévase a cabo de xeito individual en sesións de media hora aproximadamente, para que o usuario alcance un clima de confianza e relaxación que faga abrir os seus sentimentos e preocupacións ante o profesional.

Servizo de Promoción da saúde: no que tratamos de proporcionar os usuarios coñecementos básicos sobre temas relacionados coa saúde, coma poden ser, lear unha alimentación equilibrada, a práctica de deportes, coñecementos básicos sobre as enfermidades máis comúns que poidan afectarlles, etc. Trátase sobre todo de concienciar cara a prevención antes que a sanación.



Servizo de Habilidades Sociais: este servizo está destinado a acadar as habilidades básicas para a socialización dos usuarios. Adquirir e mellorar habilidades sociais: normas de comportamentos en comunidade, expresar sensacións, rebaixar estado nerviosismo.

Servizo de Educación Social ou "En Sociedade": Mediante o que pretendemos achegar a persoa usuaria a coñecementos sobre diferentes temas latentes na sociedade, coma a violencia de xénero, o sexismo, a pobreza, a igualdade, etc...



Estimulación cognitiva, psicoestimulación e obradoiro de reminiscencia: actividades consistentes no traballo das funcións mentais globais e específicas e das emocións/sentimentos, a nivel oral e/ou escrito e de xeito individual ou grupal;

Formación Académica, lectura e cálculo: nestas terapias preténdese fomentar a estimulación das funcións mentais específicas, a través da participación grupal e individual, mediante a linguaxe oral ou escrita;



Obradoiros de Repostería: Terapia proposta para capacitar os usuarios no manexo da cociña, elaboración e seguemento dunha receita, etc.

Taller de habilidades manipulativas, creativas e actividades ocupacionais, destinadas a potenciar a creatividade dos/as usuarios/as, a psicomotricidade fina e grosa, o traballo en grupo, as interaccións interpersoais, a autoestima e o interese;



➤ TERAPIAS ALTERNATIVAS:

Ademais, a maiores destas actividades, realízanse, debido ó seu carácter lúdico ou relaxante: actividades musicais, onde se rexistran:



Musicoterapia e baile, consistentes no emprego da música, o movemento e os xogos, para traballar as habilidades motoras, de procesamento e comunicación, ademais da estimulación cognitiva e memorística, dun xeito dinámico, empregando material de apoio como: radio, aros, pelotas...

Terapia Ecuestre: esta actividade nace co fin de manter o bo estado físico dos nosos usuarios; Disociar movementos. Afianzar a lateralidade en si mesmo e o esquema corporal; Diminuír o tono muscular aumentando a flexibilidade; Aumentar os niveis de activación, estimular respostas activas (verbais e motoras), mellorar o control de tronco en sedestación, manter rangos articulares de membros superiores. É un tipo de terapia da que se benefician tanto usuarios con maior capacidade cognitiva coma aqueles que precisan de necesidades especiais de atención debido o seu grao de dependencia.



➤ **NOVOS PROGRAMAS DESTE ANO:**

No ano 2018 naceron novos programas e servizos no CRD:



1. **Obradorio de Marquetería:** Neste novo obradoiro trátase de capacitar os usuarios do centro no manexo da madeira en todas as súas fases (corte, lixado, barnizado, creación do produto, pintado e tintado, detalles finais, etc.), para crear produtos coma reloxes, cadros, pratos, etc.

2. **Obradoiro de Cociña:** este obradoiro nace de xeito piloto cun pequeno grupo de 6 usuari@s de cara a comprobar a adaptación dos mesmos. Trátase de que adquiran as nocións básicas de cociña o que comprende dende a planificación do menú (ingredientes, dieta saudable, etc), compra dos mesmos (saída o supermercado, organización da lista da compra, manexo dos euros, etc), seguemento da receta, elaboración da mesma, etc.





3. **Obradoiro de Plancha:** Nace coa idea de capacitar @s usuari@s da necesidade de ser autosuficientes en todas as áreas, o coidado da roupa tamén, xa que a imaxe é importante para sentirse ben con un mesmo. Neste obradoiro explicáselle como realizar a labor do planchado, dende fixarse no tipo de roupa, tecidos, temperaturas, etc.

4. **Charlas Prevención de Bulling en Institutos e Colexos:** dende Amarai somos conscientes que hai que atallar os problemas antes de que se produzan, polo que este ano creamos un novo servizod e asesoramento para colexos e institutos da contorna de cara a previr as situación de acoso a persoas con discapacidade. Mediante o cal inténtase inculcar nos máis cativos a necesidade de igualdade real cara as persoas con discapacidade, sobre todo, de tipo intelectual. Queremos evitar cone sto que aqueles nen@s e rapac@s se sintan acosados, menospreciados ou diferentes o resto de compañeir@s e crear así futur@s adult@s concienciados na igualdade no trato real.



➤ SAÍDAS E CELEBRACIÓNS:

Celebracións de acontecementos sinalados, destinadas a conmemorar os aniversarios dos usuarios/as, cada mes do ano; consiste na degustación de merenda especial e a celebración a través de festa musical con bailes; é unha ocasión onde os usuarios e profesionais desfrutan dunha tarde de ocio especial para interactuar de xeito máis relaxado,...

• Programación de tempada:

Ó longo do ano, lévanse a cabo actividades de carácter especial, relacionadas con épocas determinadas e acordes con acontecementos sinalados, como son: a celebración do Entroido, da primavera, do San Xoán, do magosto, do Nadal, etc.

- Día de Reis – 05 de Xaneiro de 2018

A celebración da noite de reis xa é unha tradición no noso centro, xa que durante os días previos agardamos inquad@s a ver que nos deixarán as súas Maxestades de Oriente baixo a árbore. Este ano debemos ser moi bós, xa que non collía nin ún alfiler baixo o mesmo. As caras de ledicia que poñemos o abrir os nosos agasallos fan que tardes coma esta sexan das mellores do ano.





- Representación Teatral IES Melide- 17 de Xaneiro de 2018:

O noso grupo de teatro non paran nin no mes de xaneiro que é cando a costa de xaneiro máis apreta; este ano a nosa 1ª representación tivo lugar no IES de Melide, no que expuxemos a nosa obra "O Doutor Brochas"; na que deixavamos entrever os problemas da Sanidade Pública e como os pacientes antes de acudir o seu médico do Sergas moitas veces intentan remedios caseiros apra non ter que acudir.

- Celebración do Entroido en Arzúa – 04 de Febreiro de 2018:

Este ano fomos disfrazados de Venecianos, baixo o nome da comparsa "Os Venecianos de Amarai". Pese a choiva, puidemos lucir os nosos disfraces confeccionados nos obradoiros durante todo o trimestre. Fomos agraciados co 3º premio no concurso de comparsas grazas o noso traballo e simpatía.



- Saída as Rebaixas – 14 de Febrero de 2018:

Como cada ano, non nos pode quedar un recuncho do centro comercial sen visitar e sen mirar para ver se atopamos máis gangas. Con saídas coma esta, a parte de fomentar o ocio e as actividades de lecer, practicamos o manexo "in situ" dos euros, as nosas capacidades de autoxestión, e a planificación a hora de mercar.

- Entroido de Melide:

Neste caso fomos como espectadores para disfrutar dunha tarde de ocio, namentres tomabamos ideas para o vindeiro ano e aprender doutras comparsas máis elaboradas.





-Celebración do Día da Muller – 08 de Marzo de 2018

En Amarai sabemos que é importante recordar e facer fincapé na celebración de días conmemorativos coma este, dado que aínda non chegamos a gozar da igualdade que debería en todos os aspectos; por iso nos realizamos unha pancarta que nos acompañará durante todo o ano para telo sempre presente e visionamos un documental sobre o papel da muller na sociedade actual, no que se observa que pese s apariencias non chegamos a ter unha igualdade real.

- Magreco 2018: 24/25 de Marzo de 2018:

Como todos os anos, colocamos o noso posto na feira do Magreco de Boimorto, na cal expoñemos as pezas nas que traballamos durante todo o ano nos nosos obradorios de marquetería, coiro, cestería, etc. Ademais de ser unha experiencia enriquecedora, aproveitamos para apoiar o comercio local e para que máis xente coñeza a entidade e a labor que levamos a cabo.



-Protesta X Solidaria: 05 de Abril de 2018

Somos conscientes de que o apoio que nos prestan hai que devolve-lo sempre, por iso saímos as rúas de Compostela para pedir o apoio na campaña da X Solidaria, para que a xente sexa coñecedora de que cun pequeno xesto podemos sumar moito en beneficios sociais para aqueles que máis o necesitan. Aproveitamos a viaxe para ir a Cidade da Cultura a ver unha fermosa exposición sobre os traballos galegos.

-Saída o Zoo de Vigo – 14 de Abril de 2018

O ocio é moi importante, e dentro diste, o contacto cos animais e coa natureza é unha das formas mellores de gozar de ratos de lecer, así que este ano fomos o Zoo de Vigo a coñecer máis sobre animais que normalmente non temos a oportunidade de ver. Acompañáronnos os voluntari@s de Caixabank.





- Celebración do Día do Libro – 23 de Abril de 2018

A lectura é un dos praceres máis importantes para as persoas, e nós queremos que todo o mundo poida desfrutar da lectura dun libro, polo que saímos as rúas de Boimorto a participar deste día no que o Concello facía donación de libros a todas aquelas persoas que quixesen desfrutar deste pracer.

-Celebración do 7º Aniversario do CRD – 03 de Maio de 2018

Para nós ir cumprindo anos e motivo de alegría, e coma sempre, motivo de festa e oportunidade para desfrutar dun rato de ocio e tempo libre.

Este ano no noso 7º Aniversario, decidimos ver una película e celebrar a festa de aniversario nos recéns estreados xardíns do centro. Festa e Amarai van sempre da man.



-Día das Letras Galegas – 17 de Maio de 2018

Este ano o Día das Letras Galegas celebrámolo na Capela da Madanela en Arzúa, un enclave especial para una representación especial; O Doutor Brochas era o título da obra principal que representaba o noso grupo de teatro, pero tamén o resto de usuari@s deron renda solta a súa parte máis faranduleira participando en sketches e bailes.

-Representación teatral Maiores de Boimorto – 23 de Maio de 2018:

Dende Amarai sabemos que entre tod@s sumamos máis e nesta ocasión acudimos a casa da cultura de Boimorto a ver una representación teatral dos maiores do local social, xa que ó igual que eles nos apoian a nós, nos queremos facerlles chegar todo o noso cariño e admiración.





-Saída Multi-ocio Pontevedra - 16 de Xuño de 2018

O deporte e parte fundamental da nosa enerxía e dinamismo, así que cando nos invitaron a participar desta actividade na que diferentes asociación de Galicia se reunían para pasar un día practicando deporte, non puidemos resistirnos en pasar o día rodeados de no@s compañeir@s.

- Festa Ibicenca – 23 de xuño de 2018

Esta xa é unha das nosas tradicións máis arraigadas; celebrar a chegada do verán e do bó tempo. Este ano celebrámolo cunha gran churrascada e xogos de auga no noso recién estreado xardín novo. Así da gusto recibir o verán.



-Temporada de Piscina - 08 de Xullo de 2018

Coa chegada do verán e do bó tempo, o primeiro que facemos e cambiar as piscinas interiores do Concello de Arzúa, polas exteriores do Concello de Boimorto, xa que temos que aproveitar as raiolas de sol e o bó tempo para practicar un dos nosos deportes favoritos; a natación, que nos estimula motoramente e sensorialmente, a parte de ser unha excusa perfecta apra pasar unha mañá de ocio todos xuntos.

-Saída a Casa Grande de Xanceda– 12 de Xullo de 2018:

Acudimos a Casa Grande de Xanceda a coñecer as súas instalacións, o proceso de recollida e elaboración do leite e produtos lácteos que alí producen, os cuidados naturais que teñen os seus animais, e como non, a degustar todas esas delicatesen...





-Gavea Coruña – 14 de xullo de 2017:

Este ano o Gavea tivo lugar no Porto da Coruña; é unha oportunidade especial de desfrutar dun barco de vela para nós, adaptado as nosas características e no cal nos enseñan como manexalo e o que podemos ver nas costas polas que pasamos.

-Campamento en Razo, Carballo – 17,18,19,20 de Xullo de 2019:

Un ano máis, chegado o verán fómonos de campamento; nesta ocasión elegimos unha preciosa casa surfeira no concello de Razo en Carballo, onde puidemos aproveitar para ir a praia, o cine, o Monte Neme xunto cor esto de compañir@s, practicar as ABVDs e as AIVDs, baile, música, deportes o aire libre e moito máis; todo eso rodeados dun ambiente perfecto para relaxarnos e desconectar; unas perfectas vacacións, nas que nos acompañaron @s nos@ monitor@s: Andrea, Ana, Javier e Fabián.



-Saída a Feira das Maravillas de Coruña – 26 de Xullo de 2018:

A piques de rematar o curso, acudimos a feira das Maravillas de Coruña; unha feira medieval onde aprendemos como vivía a xente naquela época, como se vestía, que comía e aproveitamos para mirar e adquirir produtos de artesanía similares os que facemos nos nosos obradoiros. Aproveitando que estábamos na Coruña, fomos a pasar a tarde no Monte de San Pedro, onde tiñamos as mellores vistas de toda Coruña.



-Comida Fin de Curso – 31 de Xullo de 2018:

Toca finalizar o curso, e como é de recibo, facémolo cunha boa comida; no 2018 celebrámola no restaurante Carlos 93 de Melide. Boa comida, música a esgalla, actividades e sobre todo boa compañía son o que nos gusta, e que mellor maneira de pechar un curso, que co seu correspondente acto de clausura e a entrega de diplomas.



-Celebración do Día do Rosario de Boimorto – 04 de Setembro de 2018:

Como comezar de novo tras as vacacións é complicado, que mellor que ir as festas do Rosario en Boimorto, bailar, tomar un refrixerio e desfrutar das atraccións tod@s xunt@s en boa compañía; así a volta das vacacións faise menos dura.

- Saída Praia Fluvial de Furelos – 11 de Setembro de 2018:

O verán cada ano alóngase máis e nos queremos exprimilo a tope, polo que a mediados de setembro, fómonos a pasar un fermoso día de verán nas veiras da Praia fluvial de Furelos, onde puidemos facer deporte ó aire libre, nadar nas piscinas naturais, comer tod@s xuntos, e pasar un agradable día de ocio reunidos.



- Torneo de Brillé de Noia– 15 de Setembro de 2018:

Un ano máis a Asociación Misela de Noia organizou o seu tradicional torneo de brillé, no cal nós participamos ano tras ano. Xunto con o equipo de brillé acudiu todo o centro a apoial@s e animal@s, aproveitando ademais apra ir a dar unha volta por Noia e desfrutar da súa alameda e o casco histórico tan bonito que ten.

-II Xornada Ecuestre – 22 de Setembro de 2018:

Non podía faltar a nosa Xornada Ecuestre, na que reunimos a diferentes asociación de Galicia (nesta ocasión 6 entidades de toda Galicia que sumábase máis de 150 persoas) para participar dun xornada chea de actividades relacionadas co mundo ecuestre no Centro Hípico Marco das Pías de Sobrado dos Monxes; na cal podemos amosarlle os outros centros actividades coma a xincana cos cabalos, os coidados que ten un cabalo, zona de pintura e obradoiros con coiro, xogos con ferraduras, sendeirismo, etc.

A xornada conta coas seguintes actividades polas que os diferentes grupos van pasando para poder desfrutar de todas elas:

- Xincana:** na que os participantes teñen que ir superando diferentes obstáculos guiando un cabalo (toda una forma de unión persoa-cabalo)-
- Coidados do cabalo:** na que se aprende a cepillar, limpar, peitear e aliñar o cabalo; serve para mellorar a psicomotricidade e a concentración.
- Obradoiros de coiro e de pintado:** no que este ano fixemos un precioso chaveiro de coiro e una ferradura persoalizada que cada un puido levar para a súa casa.
- Xogos populares:** como o xogo da ferradura; neste caso nada máis relacionado co tema que estábamos a festexar que é o mundo cabalar.
- Sendeirismo:** no que a parte de relaxarnos e respirar aire fresco, podíamos desfrutar das vistas que o centro hípico ofrece e ver os cabalos de preto.
- Exhibición de monta clásica** a cargo de Xavier; o dono do clube hípico e campión de diversas modalidades de monta e doma ecuestre, que deixou a todos os presentes coa boca aberta coa sincronía que mantiñan Xabier e máis o seu cabalo.



-Saída a Praia de Miño – 28 de Setembro de 2018:

Como este ano o verán durou máis do normal, non podíamos quedarnos sen ir a praia tod@s xunt@s e desfrutar dun auténtico día de verán, coa súa caminata pola área, xogos na auga, comida campestre, diversión, relax e compañía inmejorable.





-Lecer Náutico Sansenzo – 29 de Setembro ó 4 de Outubro de 2018:

Seguimos a estirar o verán ata outubro, e marchamos para Sansenzo a aprender a manexar os barcos de vela e participar nas regatas adaptadas que Cogami nos ofrece cada ano. Ademáis dos deportes acuáticos, puidemos ir a praia, participar do ocio nocturno da comarca

- Día do Cine – 3 de Outubro de 2018:

A cultura é moi importante para formarnos como persoas e que mellor que aproveitar a festa do cine, que ese día para ir a ver unha película de estrea como foi Johnny English. Pasámolo en grande e case tiñamos a sala toda para nós. Así da gusto ir o cine.



- Campeonato de Baloncesto Valadares - Outes – 18 de Outubro de 2018:

Seguimos a facer fincapé no deporte, e para demostrar o moito que traballamos durante todo o ano no servizo de Deporte Adaptado, neste caso en Baloncesto, fomos ata Valadares a participar no torneo intercentros que organiza a asociación Adisbismur. Pasámolo moi ben rodeados de outr@s compañeir@s de diferentes centros de Galiza; o deporte a aprte de sentarnos ben fisicamente axúdanos a socializar e poner en prácticas as ferramentas de habilidades sociais que traballoas dende o centro.

- Exposición Fotográfica IES Arzúa – 24 de Outubro de 2018:

Nesta ocasión acudimos a capela da Madanela a desfrutar da magnífica exposición fotográfica que os alumn@s do IES de Arzúa que participaban no curso de fotografía, fixeron co seus mellores traballos. Toda unha experiencia.



- **Celebración de Halloween e Magosto – 31 de Outubro de 2018:**
O día do Samaín decidímonos a disfrazarnos para pasar unha xornada terrorífica, na que desfrutar dando pequenos sustos, comendo doces típicos destas datas e pola tarde realizando o magosto, xa que onde esté unha castaña, que se quiten os doces... Realizamos obradoiros de repostería e maquillaxe, así como unha pequena xincana de sustos.



- **Arrestópolis Santiago de Compostela – 28 de Novembro de 2018:**

Xuntos somos máis fortes, así que fomos ata Santiago de Compostela a sumarnos o resto de asociacións para pedir unha nova lei de accesibilidade real, na que todos os edificios garantan as condicións necesarias para que calquer persoa poida acceder a eles de xeito cómodo e seguro, teñan ou non discapacidade.

- **Celebración do Día da Discapacidade – 03 de Decembro de 2018:**
Como cada ano, o día 3 de decembro é especial para nós. Neste 2018, saímos os concellos limítrofes para que tanto @s veciñ@s, coma os propi@s polític@s participásem con nós na celebración do día das persoas con diversidade funcional.

Estivemos nos concellos de Boimorto, Arzúa, Melide, Touro e O Pino; onde fomos recibidos pol@s alcald@s, quen nos ensinaor os consistorios, leron con nós o manifesto e se fixeron un pouco máis conscientes da realidade que a día de hoxe aínda temos.



- **Comida de Nadal– 15 de Decembro de 2018:**

Ano tras ano a nosa comida de nadal vai medrando en adeptos; este ano celebrámola no Xaneiro, en Toques, onde desfrutamos dun soboroso menú de nadal, con mariscos e carnes. Despois tivemos a un DJ profesional que amenizou a celebración ata altas horas da tarde.


- Celebración Fin de Año- 28 de Decembro de 2018:

E toca despedir o 2018 e hai que facelo como se merece, con festa rachada. Primeiro taller de maquillaxe, apra o cal contamos coa colaboración dunha perruqueira e maquilladora profesioanl que nos puxo a tod@s guapísim@s; despois realizamos unha xincana, para movernos e ir facendo sitio para o fantástico menú que tod@s xunt@s puidemos degustar. Pola tarde gan baile cotillón para celebrar a despedida de ano e no novo que entra.



9 RESULTADOS SATISFACCIÓN FAMILIAS CRD AMARAI

RESULTADOS DEFINITIVOS DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DE CENTRO																Nº Enquisas =	31	DATA:	19-dic.-18																
ORDEN	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	Nº Familias Totas =	34	Nº Enquisas	31
Co trato recibido por parte da dirección ante unha consulta e/ou problema	3	4	4	3	3	3	4	4	3	4	3	4	3	3	4	3	3	3	3	4	3	3	4	4	4	4	3	4	4	3	3,45	Valoracións			
Co trato recibido por parte da presidencia ante unha consulta e/ou problema	3	4	4	3	3	2	4	3	4	3	3	3	3	3	3	4	3	3	3	4	4	3	4	4	4	4	4	4	4	3	3,45	0 = Sen Calificar			
Co trato recibido polo resto de profesionais	4	4	4	3	3	3	4	3	4	3	3	3	3	4	3	4	3	3	3	4	4	3	4	4	4	4	4	4	4	4	3,58	1 = Totalmente en desacordo			
Cos servizos prestados en relación ao seu familiar	3	4	4	3	3	3	4	3	3	4	3	3	3	4	3	4	3	3	3	4	4	4	4	4	4	4	4	4	3	4	3,55	2 = En desacordo			
Servizo de Comedor	3	4	4	3	2	2	4	3	2	3	3	3	3	2	3	3	3	3	3	4	4	3	4	3	2	3	4	2	4	3	3	3,06	3 = De acordo		
Servizo de transporte	4	4	4	4	4	3	4	3	4	3	4	3	3	3	3	4	3	3	4	4	3	4	4	3	4	4	4	4	4	4	3	3,61	4 = Totalmente de acordo		
Instalacións	2	4	4	4	4	4	4	3	4	4	3	3	3	4	4	4	3	3	3	4	4	3	4	4	3	3	4	4	4	4	4	3,61			
Co número de saídas que se planifican por parte do CENTRO.	3	3	4	3	3	3	4	3	3	4	3	3	3	4	4	3	4	3	4	4	4	4	4	4	4	4	4	4	4	3	3	3,48			
Coa relación calidade do servizo e o valor pagado	2	3	4	3	3	3	3	3	4	4	3	3	3	4	4	3	3	3	4	4	4	4	4	4	4	4	4	4	4	3	3	3,42	Obxectivo Alcanzado		
Resultados por Enquisa:	3	3,8	4	3,2	3,1	2,9	3,9	3	3,4	3,4	3,3	3	3	3,3	3,3	3,9	3	3,1	3,1	4	3,9	3,3	4	3,9	3,4	3,6	4	3,7	4	3,6	3,3	3,45	86,290		



A finais de ano, voltouse a realizar a enquisa de satisfacción das familias d@s usuari@s do centro. Os resultados mostraron que o nivel global de satisfacción d@s usuari@s e das súas familias aumentou, o que indica que se está a traballar na dirección correcta, correxindo os erros que puidésemos ter e mellorando os servizos ofertados, os programas nos que traballamos, a atención das mesmas e a calidade do servizo. Continuarase a traballar sempre na mellora continuada.


1- 21 De Febreiro de 2018: PERIGOS DA INTERNET

PROGRAMA DA REUNIÓN:

1. VISIONADO DOCUMENTAL "OJO CON LOS DATOS"
- VANTAGES E PERIGOS DE INTERNET E DAS REDES SOCIAIS.
2. PRESENTACIÓN DE NOVOS PROFESIONAIS DO CENTRO
3. PRESENTACIÓN DOS NOVOS OBRADOIROS
4. AVISOS USO DO TRANSPORTE
5. ESCALA DE SATISFACCIÓN

Nº de Familias Asistentes: 11

RESULTADOS DEFINITIVOS DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN													Nº Enquisas =	11	DATA:	21/02/2018							
ORDEN	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	Nº Socios/Personas Usuarias Totais =	15	
																						Nº Enquisas	11
Intervención dos/as poñentes	4	3	5	4	3	5	5	4	5	4	5												4,27
Explicacións	3	5	5	5	4	5	5	4	5	4	5												4,56
Contidos	3	4	5	4	3	4	5	4	5	3	5												4,09
Nivel de coñecementos adquiridos	5	5	5	4	2	5	3	4	4	4	4												4,09
Instalacións	5	5	5	4	4	5	5	5	5	5	4												4,73
Grao de Satisfacción	4	4	5	5	5	4	5	5	5	4	5												4,64
Resultados por Encuesta:	4	4,3	5	4,3	3,5	4,7	4,7	4,3	4,8	4	4,7	###	###	###	###	###	###	###	###	###	###		4,39
																						Valoracións	
																							0 = Sen Calificar
																							1 = Moi Deficiente
																							2 = Deficiente
																							3 = Regular
																							4 = Bo
																							5 = Moi Bo




2- 26 De Xullo de 2018: SOBREPROTECCIÓN E AUTONOMÍA

PROGRAMA DA REUNIÓN:

1. SOBREPROTECCIÓN E AUTONOMÍA DAS PERSOAS USUARIAS
2. DESFRUTE DO OCIO E DO LECER DAS PERSOAS USUARIAS NAS VACACI
3. ALIMENTACIÓN E IMC
4. PRESENTACIÓN DE NOVOS PROFESIONAIS
5. ROGOS E PREGUNTAS
6. VALORACIÓN DO ENCONTRO

Nº de Familias Asistentes: 10

RESULTADOS DEFINITIVOS DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN													Nº Enquisas =	10	DATA:	26/07/2018							
ORDEN	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	Nº Socios/Personas Usuarias Totais =	10	
																						Nº Enquisas	10
Intervención dos/as poñentes	4	3	4	4	5	4	4	4	5	4													4,10
Explicacións	4	4	4	4	5	4	5	5	5	4													4,40
Contidos	4	3	5	3	5	4	5	4	5	5													4,30
Nivel de coñecementos adquiridos	4	4	4	4	5	4	4	3	5	5													4,20
Instalacións	4	5	5	4	5	4	5	5	5	5													4,70
Grao de Satisfacción	4	5	5	4	5	4	5	4	5	4													4,50
Resultados por Encuesta:	4	4	4,5	3,8	5	4	4,7	4,2	5	4,5	###	###	###	###	###	###	###	###	###	###	###		4,37
																						Valoracións	
																							0 = Sen Calificar
																							1 = Moi Deficiente
																							2 = Deficiente
																							3 = Regular
																							4 = Bo
																							5 = Moi Bo




3- 19 De Decembro de 2018: MEDICACIÓN E COIDADOS

PROGRAMA DA REUNIÓN: Medicación e especialistas

1. IMPORTANCIA DA MEDICACIÓN ADMINISTRADA
2. IMPORTANCIA HIXIENE
3. CONSULTAS ESPECIALISTAS
4. DOCUMENTACIÓN RENOVAR EXPEDIENTES
5. EQUIPO PROFESIONAL DO CENTRO
6. TALLER DE COCIÑA
7. VALORACIÓN DA REUNIÓN

Nº de Familias Asistentes: 16

RESULTADOS DEFINITIVOS DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN																				Nº Enquisas =	16	DATA:	19/12/2018	
ORDEN	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	Nº Socios/Personas Usuarias Totais =	16	Nº Enquisas	16
Intervención dos/as poñentes	5	4	5	5	4	5	5	3	5	5	4	5	5	3	4	3					4,38	Valoracións		
Explicacións	5	5	5	5	4	5	5	4	5	3	4	5	5	5	4	3					4,50	0 = Sen Calificar		
Contidos	5	4	5	5	4	5	4	4	5	3	5	5	5	3	4	4					4,38	1 = Moi Deficiente		
Nivel de coñecementos adquiridos	5	4	5	5	4	5	4	4	5	3	5	4	5	5	4	3					4,38	2 = Deficiente		
Instalacións	4	4	5	5	5	5	4	5	4	3	5	5	5	5	5	4					4,56	3 = Regular		
Grao de Satisfacción	5	5	5	5	5	5	5	4	4	3	5	5	5	2	5	3					4,44	4 = Bo		
Resultados por Encuesta:	4,8	4,3	5	5	4,3	5	4,5	4	4,7	3,3	4,7	4,8	5	3,8	4,3	3,3	###	###	###	###	4,44	5 = Moi Bo		



Durante o 2018 AMARAI apostou por realizar melloras medioambientais e de aforro enerxético e económico no centro de recursos de AMARAI. Ditas melloras realizáronse grazas a subvención da deputación da Coruña e con fondos propios de AMARAI. Foron as seguintes:

-Dispositivo TRAM: O principal obxectivo de su uso consiste na asistencia da bipedestación e a marcha a través do dispositivo TRAM (Transfer and Mobility Device). Un dispositivo de mobilidade que combina a transferencia de sentado a de pé, a bipedestación, a deambulacón asistida e a marcha en todo tipo de pacientes, dando pé per se a posibilidade dunha rehabilitación máis completa en usuarios cuxas características non lles permiten camiñar por si mesmos. Este dispositivo axúdanos a poder traballar con estes usuari@s de xeitos que antes eran impensables, o que supón unha melloría na evolución d@s mesm@s.



-Renovación dos equipos informáticos:

Compráronse varios Pc´s novos para aumentar a aula de informática, engadíronse 2 ordenadores táctiles que facilitan o acceso a aquelas eprsoas que non saben usar un rato e tamén se mercaron 2 novas tablets que se utilizan para trabalalr con aplicacións informáticas na estimulación cognitiva d@s usuari@s.



-Ampliación do mobiliario Do Centro: Cada día somos máis e vémonos na obriga de ir ampliando ano tras ano o mobiliario do centro; neste caso mercáronse mesas plegables que facilitan o aproveitamento dos espazos xa que cando precisas usar o espazo son facilmente recollibles e ocupan pouco espazo. Tamén se trouxeron 2 mesas regulables en altura que permiten que todo o mundo independentemente da súa altura ou se usa cadeira de rodas ou non, poida usar o material informático de xeito cómodo e correcto.



- **Mellora nas zonas de ocio e esparcemento.** Neste 2018 rematouse a zona de axardinamento do centro coa instalación de 3 toldos parasóis para que @s usuari@s do centro poidan desfrutar das instalacións todo o ano. Isto favorece a realización do ocio e esparcemento nas áreas exteriores, o que supón un xeito de tomar aire fresco e voltar os servizos e talleres coas baterías recargadas e coa mente despexada apra continuar a traballar.



- **Ampliación do parque móbil:** no 2018 Amarai ampliou o seu parque móbil con 2 novas furgonetas, que servirán para poder reducir os tempos de rutas e mellorar a comodidade nos desplazamentos en saídas e excursións. Unha das furgonetas foi doada pola Diputación da Coruña no mes de Outubro e a outra foi doada pola Fundación Obra Social La Caixa no mes de decembro. Se non fose por xestos coma este, en Amarai faríase moi difícil poder ofrecer o servizo de transporte a tod@s @s nos@s usuari@s, debido a dispersión xeográfica dos mism@s.

Coa suma destas 2 novas furgonetas ampliase a 7 o número de vehículos dos que dispón a entidade, que na actualidade está a realizar 5 rutas que suman máis de 650 kilómetros diarios.

- **Uniformidades do persoal do centro:** A comodidade é algo indispensable para traballar a gusto, e pensando niso, este ano o persoal do centro estreou uniformidades; cómodas, sinxelas e de cor moi alegre. Isto supón un pequeno paso máis na profesionalización cada vez maior que Amarai ven experimentando ano tras ano.



FINANCIACIÓN DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E PRIVADAS



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Secretaría Xeral de Emprego



**Deputación
DA CORUÑA**



Unión Europea

FONDO SOCIAL EUROPEO
INICIATIVA DE EMPREGO XUVENIL
O FSE inviste no teu futuro



COGAMI

CONFEDERACIÓN GALEGA
DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE



Obra Social
Fundación "la Caixa"



dixardín
deseñamos natureza



Concello
de Arzúa



CONCELLO DE
BOIMORTO



CONCELLO DE
MESÍA



Concello de Sobrado